

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 22 DE
XULLO DE 2021**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E
DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO**

Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/3887, o día 19 de xullo de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

1º Á vista do atraso no cobro das axudas do programa Consolida Cambre, onde teñen transcorrido máis de 10 meses dende o inicio do prazo para presentar as solicitudes ata o completo cobro delas; dende o Grupo Municipal Popular solicítase que polo concelleiro competente se adopten as medidas necesarias para que as axudas do dito programa para o exercicio 2021 se axilicen tanto na súa tramitación como no seu completo pago.

O señor alcalde acepta o rogo.

2º Nos últimos días vimos como os veciños da urbanización da Barcala se mobilizaron contra a eliminación por unha entidade bancaria do último caixeiro automático existente na urbanización.

Retirada que se suma ao desmantelamento doutra sucursal bancaria no Temple, que tamén incluíu o caixeiro automático existente, o que priva aos nosos veciños, unha vez máis, de servizos esenciais para a comunidade.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se requira ao alcalde de Cambre a que realice as xestións necesarias para que por ambas entidades bancarias se rehabilite a prestación dun adecuado servizo aos veciños da urbanización A Barcala e á parroquia do Temple

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo.

Rogos de AV presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/3885, o día 19 de xullo de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

1º Aproveitando a adxudicación concedida para a actualización da páxina web. E dado a recente instalación dunha área de parada e servizo de autocaravanas, na cal pódese observar que non hai ningún distintivo ou información turística ou sobre o patrimonio do municipio, ou lugares a visitar. Sendo unha instalación para visitantes do municipio:

Rogamos se coloque algunha sinalización, por exemplo a través dun código QR, que dea acceso a esta información e outra de interese para visitantes na páxina web municipal.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, acepta o rogo.

2º Este rogo leva, novamente, a insistir nun rogo que xa fixemos en diversas ocasións, respecto da actualización da páxina web no ámbito do patrimonio, turismo, así como servizos municipais. Rogando que se difunda información completa (situación exacta, horario e se o houbese, etc.), os servizos tanto para a veciñanza, como para persoas visitantes: parques infantís, pistas deportivas, merendeiros, puntos de interese como edificacións de especial interese, fontes, etc.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo.

Rogo de C's presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/3879, o día 19 de xullo de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

Único.- A retirada de caixeiros automáticos por parte das entidades bancarias en pequenos municipios e parroquias está causando graves contratempas a moitas familias. Agora mesmo, en Cambre, elimínouse o único caixeiro que quedaba na urbanización da Barcala.

Entre todas as xestións que se poidan estar facendo dende o Concello é posible intentar algo máis:

Instar á Deputación Provincial a instalar caixeiros automáticos públicos, como se está levando a cabo na provincia de Valladolid, impulsando un Plan piloto de servizos financeiros de proximidade similar ao que aplicará esta institución en 5 municipios onde se quedaron sen oficinas nin caixeiros.

A Deputación de Valladolid vai destinar 300.000 euros en 5 anos para este plan piloto que sen dúbida facilitará a vida a todos os habitantes nesta situación.

Ademais, na negociación incluíuse a 30 entidades que non van cobrar comisións agás a quen estea nun banco diferente, que pagarán 2,90 euros. Incluso estudan adquirir un vehículo tipo autobús con caixeiro automático con rutas que permitan chegar ás zonas que máis o necesiten.

Por todo isto, rogamos se teña en consideración esta proposta dándolle traslado á Deputación Provincial da Coruña para que se estude a elaboración dun plan que abarque estes servizos e a instalación destes caixeiros automáticos públicos incluíndo a urbanización da Barcala no caso de non terse conseguido antes por diferentes medios.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, non acepta o rogo. Di que o plan baséase en concellos nos que hai pouca poboación.

Explica que se está a traballar no tema da recuperación dos caixeiros, que se tentaron adherir á Xunta, comunicáronllo, e dá lectura ao que a Xunta lles contestou.

Conclúe dicindo que agora están traballando por outras liñas.

O señor alcalde engade que o comentaron na Deputación, pero dixéronlles que non. En todo caso, daranlle traslado do rogo.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/3887, o día 19 de xullo de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª O pasado mes de maio tivo lugar unha reunión entre os responsables dos concellos de Cambre, Oleiros e Culleredo e representantes da Dirección Xeral de Aviación Civil en relación ao Plan director do aeroporto de Alvedro, respecto do establecemento de servidumes aeronáuticas que a principios deste ano estiveron en fase de información pública.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao alcalde de Cambre sobre o resultado da dita reunión, en especial sobre as posibilidades de indemnización a veciños e propietarios afectados.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que en maio Cambre non tivo ningunha reunión coa Dirección Xeral de Aviación Civil.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, pregunta se a houbo noutro mes.

Don Juan González Leirós contesta que isto non é un careo.

2ª e 3ª Transcorridos dez meses desde a presentación das solicitudes de axudas do plan municipal Consolida Cambre, anúnciase que se completaron os pagos da dita axuda entre as 133 empresas beneficiarias desta liña de axudas. De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao concelleiro competente:

- Número total de solicitudes presentadas ao dito programa.
- Motivos da denegación da dita axuda a aqueles que non a percibiron.

O señor alcalde informa que contestará o concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico por escrito, porque non ten os datos exactos.

4ª Sacada a licitación a revisión da Relación de postos de traballo do Concello de Cambre, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira competente sobre as principais características da dita licitación

e os prazos previstos para contar coa anunciada nova RPT.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, explica que se divide en dúas fases. Na primeira levarase a cabo o estudo e análise de cada posto de traballo, e na segunda elaborárase a proposta organizativa.

Tamén deberán entregar un manual de xestión e valoración dos postos de traballo que conterá o procedemento e metodoloxía para cando haxa que crear novos postos de traballo ou modificar os existentes.

Igualmente, o contratista deberá entregar un estudo detallado que recolla as necesidades de persoal que poidan existir en cada área e as medidas de optimización dos recursos humanos dispoñibles.

Conclúe dicindo que o prazo é de 6 meses, dous para a primeira fase e catro para a segunda.

5ª e 6ª Como é posible que o Concello de Cambre filtre aos medios de comunicación datos sobre a negativa afiliación política dun particular e menos dun aspirante inmerso nun proceso de selección con convocatoria pública?

Quen foi o que, en nome do Concello de Cambre, filtrou aos medios de comunicación a negativa afiliación política do dito aspirante?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que non se filtrou nada. Alguén fixo unhas preguntas ao gabinete de comunicación, e o gabinete de comunicación respondeu.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/3885, o día 19 de xullo de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª Xa na metade desta lexislatura queremos coñecer cales son os avances, iniciativas e proxectos cumpridos dende a Concellería de Desenvolvemento Asociativo?

Dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, contesta que se pode resumir en xestionar todas as demandas e estar en contacto continuo coas asociacións para solucionar os problemas que se producen.

2ª Fíxose algún avance da nova situación dos veciños e veciñas afectadas na Patiña?

Dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, concelleira delegada da Área Benestar Social, contesta que non.

3ª Que novas informacións se manexan sobre a situación da veciñanza afectada, sobre todo no caso das persoas usuarias de Servizos Sociais?

Dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, concelleira delegada da Área Benestar Social, contesta que ningunha.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVICIOS, SEGURIDADE CIDADÁ,
EDUCACIÓN, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/3887, o día 19 de xullo de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

1º Veciños e usuarios do transporte público infórmanos de que a marquesiña de autobús colocada na parada existente á entrada da urbanización A Barcala, é insuficiente para a coller a todos os veciños que fan uso dela en horas punta e en épocas de curso escolar. Marquesiña cuxo deseño, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, ofrece aperturas na parte superior que permite a entrada de auga en días de choiva, e cuxo estado de limpeza tampouco é o idóneo.

De aí que, sendo a época estival na que nos atopamos a idónea para xestionar e materializar cambios nela, desde o Grupo Municipal Popular interésase que polo concelleiro competente se realicen as xestións necesarias para completar ou substituír a dita marquesiña de autobús de forma que se mellore a prestación dela aos nosos veciños.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, expón que non teñen recibido ningún comentario respecto da capacidade. Farase un seguimento, e de confirmarse a necesidade, valorarase, pero agora non teñen coñecemento.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, manifesta que lle parece inaceptable dicir que non teñen coñecemento. Dende a oposición din isto porque os veciños llelo dixeron a eles, e cre que deberían traelo estudado. Só fai falta que lle pregunten aos veciños, pois a eles manifestáronlles que nas horas punta non cumpre coas condicións que tería que cumprir. Non sabe que valoración teñen que facer no Goberno, parécelle inaceptable a contestación.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy contesta que a marquesiña está situada nun espazo que non permite unha ampliación en condicións, polo que non só se estuda a necesidade, senón que é necesario o estudo ou valoración das solucións que se poden dar, pois ao mellor nesa localización non é posible. Pide perdón se non se explicou ben.

Don Juan María Abalo Castex pídelle que se poña a traballar xa.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy contéstalle que xa lle dixo que se fará o seguimento.

O señor alcalde engade que non é necesario que moitos veciños pidan algo, cun só basta, pero hai que ver o que tecnicamente se pode facer.

2º Veciños da urbanización A Barcala infórmanos das humidades que se aprecian nas súas rúas e parte do mobiliario público. Entre elas, tal e como se observa nas fotografías que se achegan, as existentes na praza 1ª de maio, na que o mobiliario público colocado non fai demasiado tempo ofrece mostras de humidades e verdello.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se interese que polo concelleiro competente se adopten as medidas necesarias para resolver os problemas advertidos.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, acepta o rogo, pero matiza que esta obra non ten sido recepcionada.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, di que cre que aínda están a tempo de velo, e se é un problema da empresa pois habería que velo, e se non o coñecen, está na Barcala, poden velo.

Don Juan González Leirós pregúntalle por que presupón que non coñecen o problema. Si o coñecen, pero a obra pertence á construtora mentres estea en execución, e dende logo que despois se fará unha vixilancia para que cando se recepcione se faga como se debe.

3º Veciños da urbanización da Barcala preséntannos a súa preocupación polo estado de filtracións de auga que se observa nalgúns das súas rúas. Tal e como se observa nas fotografías que se achegan, varias beirarrúas da urbanización presentan encharcadas de auga, sobre todo en tramos nos que existen distintos niveis de beirarrúa. Encharcadas que poderían provocar non só caídas senón tamén máis filtracións ao subsolo.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se requira ao concelleiro competente a que resolva os problemas advertidos á maior brevidade posible.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, pídlle que cando haxa este tipo de cuestións lles indiquen os enderezos, para ver o problema en concreto.

Expón que este feito non quere dicir que haxa filtracións nos forxados e que as filtracións que proceden da praza superior, vanse acometer, estanse a acometer por melloras.

Conclúe dicindo que agradece e acepta o rogo.

4º Varios veciños preséntannos as súas queixas sobre a falta de limpeza do interior dos alcorques existentes no noso municipio que, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, necesitan ser limpados e rozados periodicamente ao acumular sucidade e malas herbas.

De aí que desde o Grupo Municipal Popular se interesa que polo concelleiro competente se requira a limpeza e roza do interior dos alcorques existentes no noso municipio.

5º Veciños de Cecebre infórmanos da situación na que se atopa o farol que apenas se aprecia na fotografía que se achega, absolutamente oculto entre as árbores existentes xunto a el, co perigo que iso pode supoñer como potencial foco xerador de incendios, ademais de ocultar a luz que poida ofrecer.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se requira ao concelleiro competente que se adopten á maior brevidade posible as medidas necesarias para devolver o farol referido as condicións necesarias de seguridade e utilidade.

O señor alcalde informa de que os rogos 4º e 5º serán contestados pola concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá, pero para axilizar a resposta pregunta onde é.

Don Juan María Abalo Castex, do PP, contesta que na rúa Río Sil o rogo número 4 e detrás da Xuventude de Cecebre o rogo número 5.

6º Dun simple paseo pola rúa Sixto, en Cambre, obsérvase o estado de abandono que ofrece o terreo que aparece nas fotografías que se achegan, onde a vexetación, silvas e matogueiras crecen sen freo ningún, invadindo rúas e inmobles lindeiros, o que a converte nun auténtico perigo de incendio e un foco de insalubridade, que a seguridade dos cambreses obriga a corrixir á maior brevidade posible.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se interese que polo concelleiro competente se adopten as medidas necesarias para resolver á maior brevidade posible os problemas de insalubridade e perigo de incendios advertidos no mencionado terreo.

Don Juan González Leirós, concelleiro de Urbanismo e Obras, acepta o rogo. Expón que non é unha desculpa, pero que no 2018 notificouse, e tamén no 2021. Téñense remitido escritos ao administrador concursal, e contestoulles que non ten nada que ver con iso, ou sexa, que si se fixo un seguimento. A última noticia da propiedade é que o vai facer polos seus propios medios, aínda que o pon en dúbida, porque ata agora non o fixeron.

Conclúe dicindo que o que está claro é que a responsabilidade é da propiedade, e sen non o fan, farao o concello subsidiariamente.

Rogos de AV presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/3885, o día 19 de xullo de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

1º Dado o atraso que levan as rozas de camiños e terreos municipais este ano. E ante as manifestacións do alcalde no pleno de xuño pedindo desculpas á veciñanza. Dende Alternativa rogamos que se publique na páxina web e medios municipais os motivos que provocaron o atraso, posto que a veciñanza ten dereito a estar informada dos asuntos municipais, máis cando afectou e, nalgúns sitios segue afectando, á vida diaria dos veciños e veciñas.

O señor alcalde contesta que non acepta o rogo. Pide desculpas polo atraso, é o que lle di a todo o que lle pregunta.

Explica que o atraso foi debido a que o contrato vai a dous anos e polo importe que ten alongouse a tramitación. Asume que é culpa do concello. Se fose ano a ano estaría feito.

Conclúe dicindo que asume a responsabilidade, pero tamén é certo que para o vindeiro ano xa non haberá problema.

2º Tamén para poder seguir o avance destes traballos e considerando que este é un asunto de interese tamén para o resto dos grupos municipais da corporación.

Rogamos se nos facilite a todos os grupos da oposición o plan ou programa de realización dos traballos que vai realizar a empresa adxudicataria, coa relación de terreos e camiños a rozar e as datas previstas.

O señor alcalde informa que este rogo o contestará a concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá. El sabe que estiveron en Cecebre e Bribes, e cre que agora están na zona de Lema, pero cando volva a concelleira informaralles do cronograma.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/3887, o día 19 de xullo de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª e 2ª Á vista da ausencia de labores de roza no noso municipio e o estado no que este se atopaba, o Grupo Municipal Popular requiriu o pasado mes de xuño que polo noso concello se adoptaran á maior brevidade posible as medidas necesarias para rozar de inmediato rúas, camiños, pistas e terreos do noso municipio.

Transcorrido case un mes desde o último pleno e á vista das deficiencias de roza, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira competente:

- Cando deron comezo os traballos de roza de rúas, camiños, pistas e terreos do noso municipio?
- Actuacións levadas a cabo desde entón por parroquias e previsións de actuación nos próximos días.

O señor alcalde informa que contestará a concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá, pero cre que comezaron o 24 ou 28 de xuño pola zona de Cecebre e seguiron por Pravio, Bribes e agora están en Lema.

3ª Ante a praga do picudo vermello que afecta ás palmeiras existentes no noso municipio, e descoñecendo, como o resto de veciños de Cambre, cales foron as campañas de información dirixidas aos nosos veciños respecto desta praga, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase á concelleira competente: Con que medios conta o noso concello para detectar e no seu caso combater a dita praga e cal é o seu custo?

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira delegada dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta que non contan con medios propios e a contratación ascende a 2.261,05 euros, IVE incluído.

4ª Á vista das deficiencias observadas o pasado mes de xuño por este Grupo Municipal Popular nas obras levadas a cabo na urbanización da Barcala, pregúntase ao concelleiro competente se xa se corrixiron os defectos observados e xa contamos coa acta de recepción asinada por todos e cada un dos obrigados a iso.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que estanse corrixindo, non hai acta de recepción.

5ª Varias son as queixas recibidas dos veciños de Cambre respecto do servizo de transporte público urbano que se presta en Cambre, competencia municipal conforme co previsto, entre outros, no artigo 25.2 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local. Queixas que se centran no establecemento dunha nova liña que unirá A Barcala e O Temple coas praias, sen pasar por Cambre e de aí ao resto de parroquias do interior municipal.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se pregunte á concelleira competente:

Cales foron as achegas do Concello de Cambre, máis concretamente da súa concellería, para instaurar no noso municipio un servizo de interese municipal (SIMU) en materia de transporte público, como xa teñen noutros municipios da nosa contorna?

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira delegada dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta que Cambre é un dos 4 concellos que forman a área de transporte metropolitano da Coruña e conta con SIMU dende hai anos.

6ª En que estado se atopan as actuacións necesarias para poder levar as liñas que só pasan pola Barcala á capital municipal?

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira delegada dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta que están traballando para que cheguen a Cambre o antes posible e, mentres se arranxa, solicitáronse á Xunta e concesionarios os cambios horarios, con traslados que non chegan a 5 minutos de agarda, non só para as praias, senón para outros asuntos.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/3885, o día 19 de xullo de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª A praza 1ª de Maio aínda se atopa sen rematar, sendo concedida unha prórroga recentemente ata o 30 de novembro de 2021. Queríamos coñecer detalladamente cales son os motivos que fan que esta obra iniciada hai dous anos aínda non se atope finalizada e precise da dita prórroga.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que fundamentalmente polas obras. Sabían que a obra era complexa, se traballaba un tiña que agardar o outro, ese foi un dos problemas. Outro é polo pavimento, o resto foi por deterioracións que houbo durante este tempo.

2ª Vemos que noutros concellos se activaron dispositivos especiais para abordar o incremento de botellóns e condutas fóra das recomendacións sanitarias por parte da xuventude, aínda que estas últimas tamén por parte de non tan mozos.

Está a haber máis incidencias neste senso? Dende o departamento de Seguridade Cidadá activouse algún dispositivo especial para abordar esta situación concreta?

O señor alcalde di que lles contestará a concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá. Seguen en contacto Policía Local e Garda Civil e non se viron intentos de botellón.

3ª Cal é o estado do proceso en que se atopa a renovación da iluminación pública que foi anunciada o pasado ano cofinanciada polo IDAE e o Concello de Cambre?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que hoxe chegou o proxecto, presentárono por rexistro. Agora iníciase o proceso de contratación. Son etapas longas as de facer o proxecto, contratar, etc.

O señor alcalde engade que están dentro dos prazos, e di que tamén foi que o enxeñeiro que empezou os traballos leva de baixa moito tempo.

Preguntas de C's presentadas por escrito e pregunta oral

Rexistradas de entrada ao núm. 999/3879, o día 19 de xullo de 2021, xunto cos rogos presentados para as comisións informativas.

1ª No pasado pleno do mes de xuño de 2020 aprobouse a proposta para solicitar a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia e ao MITMA a cesión de varios terreos da súa titularidade para usos xenéricos situados na contorna da AP-9 ao seu paso por Cambre, entre outros.

Tense recibido algunha resposta á dita solicitude?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non.

2ª Se non foi así, solicitaron nova información sobre o proceso?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que si. Fíxose unha nova solicitude en maio de 2021, pero non contestaron.

3ª (oral) Dona María José García Hidalgo, de C's, di que o luns chamárona uns veciños porque se estaban a talar unhas árbores, tres ou catro. Falou cos obreiros e díxeronlle que estaban cortando cepas de árbores que xa se cortaron hai anos e que van eliminar os bordos. Pregunta se en vez de eliminar os bordos e deixalo como beirarrúa, se non poden replantar as árbores.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado de Urbanismo e Obras, contesta que el dálle a súa opinión, pero quen decidirá será a Xunta de Goberno. Di que nunha beirarrúa de 2 metros a árbore fai máis prexuízo que ben. Unha beirarrúa de 2 metros non é unha beirarrúa para poñer árbores. As árbores da rúa Igrexa son mínimos, non acaban de crecer, entón cre que é mellor non telos.

Conclúe dicindo que habería que reestruturar a beirarrúa cunha soa dirección e ver se así se poderían plantar árbores.

O señor alcalde informa que cando teña a listaxe dos camiños que se van asfaltar coas modificacións orzamentarias, enviarállela, e di que hai uns 15 camiños que, aínda que van neste reformado non se van asfaltar, vanse arrancar as raíces.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Rogos e preguntas

Rogos de AV presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/3885, o día 19 de xullo de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

1º Facendo referencia á Casa da Arrigada, cremos que o xardín cuns coidados básicos (roza) podería empezar a ser empregado pola mocidade, mentres non chegan as axudas doutras administracións.

Rogamos traballos de mantemento para este xardín.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, acepta o rogo.

Di que esta semana comezaron os traballos de roza e acondicionamento os cales agardan que estean rematados hoxe. Os usuarios xa están a facer uso do xardín na medida do posible.

2º A oferta de actividades deportivas de verán este ano só saíu dirixida aos máis pequenos. Deixando de novo de lado aos nosos maiores e persoas adultas para as que tamén é imprescindible a actividade na súa vida diaria.

E por suposto, o programa en liña activado, non cubre as necesidades de moitos veciños e veciñas que non teñen acceso ás novas tecnoloxías.

Rogamos se active algunha actividade de mantemento deportivo tamén para o colectivo de veciñanza adulta.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, non acepta o rogo. Di que non é certo que se deixe de lado aos maiores e adultos, dado que tres actividades ofertadas (tenis, piragüismo e ioga) non contan con límite de idade.

Respecto da ximnasia de mantemento comezará, se a situación o permite, no mes de setembro ou outubro.

Dona Sandra Sánchez Vieites, de AV, manifesta que quizais habería que especificar máis na páxina web, pois dise no anuncio, ou está enfocado aos mozos, cando é que se pode presentar calquera.

Rogo de C's presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/3879, o día 19 de xullo de 2021, xunto co resto de rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

Único.- Este luns, Josefina e a súa familia, veciños de Cambre, amosábanos diante do concello o seu grave problema coa falta da prestación do servizo de axuda a domicilio que padecen, e que aínda que tendo solicitado de novo en tempo e forma o servizo, non recibiron ningún tipo de resposta a día de hoxe, data da presentación deste escrito.

Desde as 11:00 ata as 12:55, e ninguén, ninguén, nin membros do Goberno local nin ningún responsable da Concellería de Servizos Sociais se dirixiu a esta familia en ningún momento para ofrecerlles unha solución.

Nin sequera para ofrecerlles usar o baño tratándose de dúas persoas dependentes e outra de avanzada

idade. Os grupos da oposición puxemos á súa disposición o uso dos baños dos locais municipais ante a falta de atención por parte do Goberno local.

Cando recibían o servizo de axuda, a persoa designada para iso non tiña a forza suficiente para facilitar os movementos de aseo que debía proporcionar, nin tampouco un horario adecuado ás necesidades do dependente, servizo que esta familia aboaba mensualmente, o que lles levou a prescindir do servizo.

Aínda así volveron a solicitalo pedindo a corrección destas incidencias no servizo e o concello fai caso omiso.

Por tanto rogamos:

Copia da solicitude rexistrada polos solicitantes ou os seus representantes legais e un informe da Concellería de Benestar Social sobre que motivos causan que non se poñan en marcha de forma urxente todos os mecanismos a disposición do concello para dar cobertura a esta familia e ás súas necesidades.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta que non teñen solicitude rexistrada, por iso non lle pode dar copia.

En canto ás causas polas que non se pon en marcha do forma urxente, é porque non teñen os documentos presentados como ten que ser.

Di que imaxina que saberán a evolución desta familia, moi coñecida en Servizos Sociais dende hai 20 anos que teñen o servizo. En novembro de 2019 tiveron unha reunión coa coordinadora e persoal de Servizos Sociais, e a interesada declarou que non quería o servizo se non é á hora que quere e coa persoa que quere.

Hai 126 usuarios do SAD, e o que non poden é ter 126 persoas para que se levanten a unha hora. Cambiáronlles as auxiliares en multitude de ocasións. Teñen comunicación da empresa que din que van e non lles abre a porta. Por iso, en xaneiro de 2020 iníciase o expediente de suspensión temporal.

Explica que non se pode facer o servizo á carta, e pregunta con que criterios pode chamar ao técnico para cambiar horarios aos usuarios segundo o solicite cada un. Intentase recolocar, pero moitas veces o cambio horario tamén implica un cambio de auxiliar. Oxalá se puidera facer á carta.

Continúa dicindo que se lle deixaron dous meses máis antes de tramitar a baixa no servizo. No 2021 tiveron unha chamada telefónica dunha avogada que lles dixo que querían reactivalo. O que pasa é que durante unha suspensión pódese reactivar en calquera momento, pero cando xa hai unha baixa hai que iniciar o expediente.

A técnica de Servizos Sociais mandoulle toda a documentación por correo electrónico, e púxoselle todo o que ten que presentar por Rexistro facéndolle constar que por correo electrónico pode preguntar o que queira.

Dende o 24 de maio e ata que sae en prensa, non saben nada, e cando saíu en prensa chamouse a Josefina que dixo que non as quería escoitar.

Conclúe dicindo que estes temas non se deberían tratar aquí, incluso, considera que non se deberían reflectir as manifestacións na acta.

Dona María José García Hidalgo manifesta que non lle importa que non se recolla en acta, e que lle enviou

un correo o 6 de xullo á traballadora social.

Don Daniel Mallo Castro indica que están nun rogo e pregúntalle á señora concelleira se modifica o seu rogo.

Dona María José García Hidalgo di que o modifica. Pide copia do e-mail presentado pola avogada e pide manter unha reunión coa concelleira para ver os documentos e cotexar o que ten ela e o que teñen en Servizos Sociais.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez acepta o rogo.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/3887, o día 19 de xullo de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª e 2ª Como medida de fomento da práctica deportiva entre os máis pequenos do noso municipio, o Concello de Cambre convoca un programa de actividades de verán, a desenvolver fundamentalmente no mes de agosto, de aí que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente por:

- Número de prazas ofertadas para cada unha das actividades previstas.
- Número de prazas cubertas en cada unha das iniciativas.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, dá conta dos seguintes datos:

Actividade	Prazas	Solicitudes	Mínimo
Campamento ecuestre 1	15	21	
Campamento ecuestre 2	15	40	
Campamento multideportivo	50	28	
Doma 1	8	12	
Doma 2	8	11	
Ioga	20	2	10
Patinaxe	20	9	10
Piragüismo 1	10	14	
Piragüismo 2	10	17	
Tenis 1	10	4	7
Tenis 2	10	3	7
	176	161	

Tamén informa de que se vai ampliar o prazo de inscrición nas actividades nas que non se cubriu o número de prazas.

A continuación, o señor presidente informa que as preguntas 3 e 4, relativas aos campamentos urbanos, corresponden á Comisión Informativa de Educación, polo que non se van tratar.

5ª Nos últimos días tivemos coñecemento da realización de actos vandálicos en instalacións deportivas do noso concello como a pista de calistenia aínda non inaugurada, o campo de fútbol Dani Mallo e o pavillón Sofía Toro.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunte ao concelleiro competente que informe sobre os danos ocasionados e o custo que vai supoñer para as arcas municipais a súa reparación.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, explica que algún dos actos están denunciados ante as autoridades competentes e serán cubertos polo seguro, e noutros casos o concello conta con materiais de substitución, pero para que se fagan unha idea do valor económico dos danos, di que no parque de calistenia a rotura por danos en parte do chan de caucho do recinto, repostado pola empresa sen custo para o concello, é aproximadamente de 100 euros.

No campo de fútbol do Dani Mallo a rotura do valado perimetral e dos enchufes exteriores valórase en 396,29 euros. O persoal de conserxería ocupouse da limpeza de restos de comida, etc.

Por último, no pavillón Sofía Touro produciuse o rogo do desaugadoiro de pluviais, valorado en 495 euros, e a rotura dun foco led exterior, valorado en 139,95 euros.

Conclúe dicindo que o total aproximado do valor do danado ou subtraído supera os 1000 euros.

6ª Ante os maiores gastos que pode supoñer para os equipos deportivos do noso municipio o ascenso de categoría, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro competente se existe algunha partida ou previsión específica que poida dar cabida a estas eventualidades.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que o apoio do Concello de Cambre a todos os deportes está claro dende hai moito tempo, non en balde teñen unha das maiores variedades de deportes de toda Galicia nun concello de menos de 25.000 habitantes.

Di que nestes momentos non hai ningunha partida para eventuais ascensos de categoría dos equipos deportivos municipais, pero nunca se deixou de apoiar ao deporte en ningunha categoría nin en ningunha disciplina.

Conclúe dicindo que as liñas de subvencións deportivas municipais dan cabida as necesidades actuais, pero, como todos saben, o Plan estratéxico de subvencións municipais pode ser revisado cada ano para dar cabida a novas necesidades se existisen.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/3885, o día 19 de xullo de 2021, xunto cos rogos e demais preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª Un dos puntos pendentes do PIOM é a creación do CIM. Queríamos saber en que punto está a creación e cales son as previsións para a súa apertura.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que o departamento de Xuventude desenvolve transversalmente en todas as súas actividades e programas un labor de concienciación sobre o problema do vandalismo e as súas consecuencias. No ano 2019 colaborouse coa policía local no proxecto de loita contra o takeo e axuda na reinserción dos graffiteiros. Programas como o cromático Mural Fest ou as iniciativas de recuperación dos bancos do paseo marítimo son mostras dese traballo transversal educativo e de concienciación.

2ª Dende o departamento de Xuventude hai activo algún programa ou iniciativa específica para a prevención ou intervención para abordar a problemática de vandalismo xuvenil que presenta o concello dende hai anos en diversos puntos.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que non se trata dunha formación illada, de feito esta é a segunda colaboración coa asociación ADAFAD en 3 anos, co mesmo contido. Só non se levou a cabo actividade no 2020 por mor da pandemia. Estas colaboracións son unha maneira moi boa de incorporar actividades ao noso programa sen ter que incluílos directamente, podendo ampliar a nosa oferta coa colaboración de expertos e coa axuda doutras administracións como a Consellería de Sanidade.

3ª Hai algunha previsión de iniciativas ou proxectos que dan continuidade ao traballo iniciado coa formación realizada de prevención de trastornos aditivos ou trátase dunha acción formativa illada do resto de programación de actividades xuvenís. Hai a previsión de iniciar algunha programación específica para abordar esta problemática xuvenil?

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que se colabora o terceiro ano co mesmo contido e taller. Estas colaboracións son boas, teñen unha ampla experiencia e teñen expertos.